



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE A SOIDADE NON DESEXADA**.

A soidade non desexada e o sentimento de baleiro existencial son un problema real que, por mor desta pandemia que estamos a padecer, está a producir situacións alarmantes.

Podemos sinalar como causas desta crecente soidade non desexada, o aumento dos fogares unipersoais e os novos tipos de familias; o importante descenso da natalidade; o desemprego e a precariedade laboral; a desnaturalización do traballo como fonte de encontros; o actual ritmo de vida frenético; e a tendencia a relacións persoais menos duradeiras. Todos son factores que poden intervir no aumento dramático e imparable da soidade, sendo as persoas maiores o grupo predominante, que en moitos casos viven e falecen soas ao fin dos seus días.

O envellecemento da poboación é un éxito das políticas de saúde pública e do desenvolvemento do noso estado de benestar, pero tamén é un reto para mellorar ao máximo a protección da saúde e a capacidade funcional das persoas maiores, así como a súa participación social e a súa seguridade. Desde os poderes públicos cómpre traballar para implementar políticas públicas que permitan ás persoas maiores manter a súa autonomía e a súa independencia a medida que se envellece.

Para a Organización Mundial da Saúde, a soidade non desexada é un dos maiores riscos de deterioro da saúde. Tamén é un factor determinante que favorece que as persoas que a padecen acaben en situación de dependencia, illadas e abandonadas. É preciso prever a soidade dos nosos maiores e a súa seguridade fomentando as súas capacidades psicolóxicas e funcionais, adaptando a súa contorna cultural e persoal e fomentando un envellecemento activo e saudable.

Hai máis dun ano que a Xunta de Galicia ten anunciada a posta en marcha dun plan de actuación destinado ás persoas en situación de soidade non desexada. En concreto, o Goberno galego detallou a configuración dunha rede social de apoio en colaboración con entidades sociais e locais.

Actualmente estamos a vivir un contexto de pandemia global sen precedentes, que deu conta das carencias do sistema de coidados nas persoas maiores e dependentes, pero tamén doutras realidades silenciadas que hoxe máis que nunca se significan, como é a realidade das persoas en soidade non desexada.

Galicia é un dos lugares cun maior número de persoas maiores de todo o país e incluso de Europa. As persoas que viven en soidade non desexada están a sufrir os efectos da pandemia agravando as consecuencias desa soidade aínda máis polo illamento social derivado das restricións implementadas por razóns de saúde pública.



Tras unha pandemia que visibilizou e agudizou aínda máis este problema, as administracións públicas teñen que actuar de xeito coordinado. Ao longo dos últimos anos esforzámonos moito dende todos os ámbitos en fomentar o exercicio físico; a estimulación cognitiva, entendendo como hábitos saudables para mellorar a saúde; e o bo envellecer. Sen embargo, esquecémonos de incidir nunha cuestión fundamental: coidar as relacións sociais e vínculos comunitarios, piares dos hábitos saudables, que non só repercutían no benestar emocional, senón tamén no físico.

O modelo de unidade familiar está mudando en todo o Estado. En Galicia, case 280.000 persoas viven solas segundo os datos recopilados polos Instituto Nacional de Estatística (INE). Os problemas derivados desta situación xorden cando a soidade non é desexada pola persoa en cuestión, un problema que deteriora a situación de baleiro existencial. O problema non só é unha cuestión que afecta ás persoas maiores, pero ben é certo que 126.000 dos fogares unipersoais corresponden a persoas maiores de 65 anos. E maior parte dos mesmos formados por mulleres.

Ademais, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, evidéncianse preocupantes porcentaxes na taxa de risco de pobreza en persoas maiores de 65 anos que viven soas en Galicia. Nos últimos 4 anos a taxa de risco de pobreza para persoas maiores de 65 anos tivo un incremento de 11 puntos.

No caso de Ourense, os datos do IGE describen que uns 17.000 veciños e veciñas de máis de 65 anos viven en soidade. Isto representa, aproximadamente, o 5,5 % do total de habitantes da nosa provincia. Este dato tamén destapa que máis do 13 % dos fogares ourensáns están conformados por persoas maiores en soidade. Ademais, a taxa de risco de pobreza é a máis alta de toda Galicia: un de cada cinco fogares (20,5 %) están nesa situación, unha porcentaxe moito maior que a das outras provincias galegas.

Por estes motivos, desde o PSdeG-PSOE de Ourense consideramos urxente levar a cabo unha diagnose pormenorizada deste problema, mediante a elaboración de estudos que elaboren pormenorizadamente unha radiografía da soidade non desexada, así como impulsar, de xeito urxente e en función dos resultados de dito estudo, un plan galego para a soidade non desexada.

Dito plan, elaborado en colaboración con entidades sociais e as administracións locais, dotaría dos recursos orzamentarios precisos aos mesmos, para coordinar os estudos e actuacións oportunas co fin de coñecer a realidade da soidade non desexada. Igualmente permitiría levar a cabo actuacións concretas e un seguimento pormenorizado neste colectivo de poboación.

Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Instar a Xunta de Galicia a realizar, de xeito urxente, unha diagnose da soidade non desexada mediante estudos que reflectan esta realidade na provincia de Ourense.



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

2. Elaborar de xeito prioritario, en función dos resultados de dito estudio, un plan galego para a soidade non desexada.
3. Remitir o acordo plenario aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

En Ourense, 16 de abril de 2021.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE